



AUTORIZACIÓN DE PRODUCCIÓN DE LODOS DESTINADOS A USO AGRARIO VÍA TRATAMIENTO PREVIO.

OBXECTO

Autorizar ás plantas de depuración de augas residuais (de orixe urbana, as EDAR, ou de orixe industrial, as EDARI) a destinar todos ou parte dos lodos obtidos no proceso de depuración a aplicación en solos agrarios, sempre logo do paso por un tratamento dos recollidos no anexo II do Decreto 125/2012.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario na Comunidade Autónoma de Galicia.

ÓRGANO QUE TRAMITA

O Servizo de Resíduos, dentro da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Anexo III do Decreto 125/2012.
- Documento que acredite a representación da persoa asinante da solicitude (só persoas xurídicas).
- Número de identificación fiscal (NIF) da empresa ou, se é o caso, do solicitante (só no caso de non autorizar a consulta).
- Xustificante do pago da **taxa** administrativa.
- Análise, coas determinacións analíticas que se indican no último apartado do anexo III do Decreto 125/2012, por cada tipo de lodos de depuración que a planta produza e pretenda destinar a aplicación agraria.

A/s análise/s achegada/s debe/n corresponder a unha data dentro da metade do ano en que a EDAR/EDARI presenta a solicitude de autorización, agás que se estea a presentar tal solicitude dentro do primeiro mes do semestre natural, circunstancia en que se admitirá a achega dunha análise do semestre inmediatamente anterior.

FORMULARIOS

- MT985A

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS COMUNICACIÓNS

Aberto todo o ano.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

De conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, as solicitudes poderán presentarse:

- No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1. A estes efectos poderá empregarse a sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/portada>).

De conformidade co previsto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 e co artigo 10.1 da Lei 4/2019, en todo caso estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

- As persoas xurídicas.
- As entidades sen personalidade xurídica.
- Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.
- Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.
- Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.
- Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.



TAXAS

Datos xerais: <http://sirga.xunta.gal/taxas-administrativas>

Código: 32.52.04

Concepto: Inscripción como produtor de lodos con destino á agricultura.

ÓRGANO QUE RESOLVE

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

PRAZO DE RESOLUCIÓN

Tres meses

EFFECTOS DO SILENCIO

Estimatorio

FÍN DE VÍA ADMINISTRATIVA

A resolución NON pon fin á vía administrativa.

RECURSOS / RECLAMACIÓN

Recurso de alzada

NOTA

Esta información ten unicamente carácter orientativo, polo que non substitúe nin modifica as disposicións normativas que regulan os diferentes procedementos administrativos nin, en consecuencia, pode dar orixe a dereitos ou obrigas que non se atopen contempladas na regulamentación específica.

Última modificación: abril 2021